

Área: Competicións

Circular nº 18 - Temp. 20/21

ACLARACIÓN DÚBIDAS PROTOCOLO COVID: DESCANSO EN CADA PERÍODO E USO DE VESTIARIOS

Despois da reunión celebrada onte (martes 13 de Xaneiro de 2021) entre coordinadores/as de protocolo dos diferentes clubs, xurdiron algunhas dúbidas que dende a Federación Galega de Balonmán queremos aclarar:

DESCANSO DE 2 MINUTOS EN CADA PERÍODO:

Na Asemblea Extraordinaria celebrada o 26 de setembro aprobouse a seguinte proposta:

- *Introdución dun descanso de dous minutos na metade de cada un dos períodos que conforman o tempo regulamentario, coa finalidade de facilitar a adaptación ao uso da máscara:*
 - *Categoría Infantil: minuto 13.*
 - *Categoría Cadete: minuto 15.*
 - *Categoría Xuvenil: minuto 15.*
 - *Categoría Sénior: minuto 15.*

Este período de descanso utilizarase para a hidratación dos/as deportistas e para normalizar progresivamente as sensacións derivadas do uso da máscara; as instrucións técnicas deben ser secundarias, os/as deportistas actuarán segundo o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Federación Galega de Balonmán.

Compre aclarar as seguintes cuestións:

- Os/as coordinadores/as de protocolo decidiron seguir aplicando polo de agora este descanso.
- Este descanso non depende do criterio do colectivo arbitral, non se debe aplicar o descanso en función da situación de xogo, o minuto está consensuado e todos os clubs xogan coas mesmas regras, debemos actuar ao igual que cando soa a chicharra que decreta o descanso ou o final do encontro; en realidade estamos a disputar 4 períodos e todos/as somos conscientes.

- Este descanso, tal e coma indica a proposta está pensado para a hidratación e a adaptación ao uso da máscara; debemos evitar por todos os medios ter que sacala máis tempo do necesario para inxerir a bebida, é preferible que os tempo de participación dos/as deportistas sexa menor ca que teñan a necesidade de sacar a máscara.
- Neste período os xogadores/as deben separarse entre eles/as, trotar, camiñar, e tratar de reducir pulsacións evitando as aglomeracións, poden hidratarse si é preciso.
- As instrucións técnicas non están prohibidas, tal e coma indica a proposta, son secundarias, pero a día de hoxe estamos a ver que hai adestradores/as que pretenden saca rendemento a este período a pesar de dispor dos tempos mortos; por favor, apliquemos o sentido común e aproveitemos o tempo para o máis urxente, e se temos que realizar indicacións individuais non pasa nada, pero evitemos xuntar ás/aos deportistas nestes minutos.
- É importante que todos/as sexamos conscientes de que sacar a máscara durante este tempo implica exhalacións de partículas a distancias importantes, así que si é causa de forza maior debemos facelo en zonas ventiladas, afastados/as dos demais e durante o menor tempo posible.

USO DE VESTIARIOS:

O protocolo é claro, non aconsella o uso de vestiarios, e de facelo que sexa porque é un caso de necesidade, e porque podemos ventilar e desinfectar. O aforo máximo será o que garanta a distancia de 1,5 metros entre os/as usuarios; estes deben evitar berrar, cantar, etc... e deben ter a máscara en todo momento, agás se fan uso da ducha, que debe ser o menor tempo posible.

Sempre e cando o propietario da instalación permita o seu uso, dende a FGBm aconsellamos que polo menos nos casos nos que hai grandes distancias entre os equipos implicados na competición, ou casos excepcionais, os/as responsables de protocolo traten de buscar unha solución para que o equipo visitante poida dispor dos mesmos. Se algún club precisa consello para organizar quendas, desinfección, ventilación, etc..., pode poñerse en contacto coa FGBm para que prestemos asesoramento ao respecto.

En Vigo a 13 de Xaneiro de 2021